



Segundo Concurso Fotográfico “IES de Sar”

Tema: BARRIO. Olladas ao lugar onde vivo

CONVOCATORIA E PARTICIPACIÓN

1. A ANPA do IES de Sar convoca o segundo concurso de fotografía co obxectivo de que os alumn@s participantes reflicten **“a súa visión do lugar onde habitan: o que lles gusta ou disgusta, os sentimentos que lles provoca, as persoas que viven e traballan nel, os lugares, os recordos...”**
2. As imaxes presentadas deben estar tomadas en calquera barrio ou lugar do concello de Santiago de Compostela e as/os participantes deberán proporcionar a localización do motivo retratado.
3. Cada participante poderá presentar ao concurso só unha fotografía.
4. As fotografías deben ser orixinais e inéditas e, polo tanto, non poden ter sido premiadas en concursos anteriores nin publicadas en ningún tipo de soporte.
5. A ANPA do IES de Sar resérvase o dereito a eliminar do concurso aquelas fotografías que non cumpran os seguintes requisitos:
 - Non se admitirán fotografías que poidan ferir a sensibilidade das persoas.
 - As que induzan, inclúan ou teñan relación directa ou indirecta con calquera tipo de violencia.
 - Aquelas fotografías que fagan publicidade de calquera tipo de marca ou negocio.
6. A falta de veracidade, a incorrección nos datos proporcionados polos participantes, a falta de autoría ou orixinalidade, a xuízo do xurado, permitirán a ANPA do IES de Sar a exclusión do/da participante.



REQUISITOS PARA PARTICIPAR

1. Poderá participar calquera alumna/o do IES de Sar.
2. Enviar a fotografía en formato TIF, PNG ou JPEG de máxima calidade cun tamaño máximo de 5MB ao enderezo electrónico: anpadesar@gmail.com indicando os seguintes datos:
 - Asunto: Concurso fotográfico 2016
 - Nome e apelidos
 - Curso
 - Lugar onde foi realizada a fotografía
 - Enderezo electrónico e teléfono de contacto
 - Enviar a foto que concurse como anexo.

PRAZOS PARA PARTICIPAR NO CONCURSO

O prazo para enviar as fotografías será dende o día 14 de marzo de 2016 e ata as 24.00h do día 22 de abril de 2016.

PREMIOS

PRIMEIRO PREMIO: 100 €

SEGUNDO PREMIO: 75 €

TERCEIRO PREMIO: 50 €

O xurado estará composto por docentes do centro educativo. A resolución do concurso darase a coñecer a segunda semana do mes de maio de 2016 no taboleiro de anuncios do IES de Sar.

CONCURSO DE FOTOGRAFÍA IES de Sar
ANPA IES de Sar
Bernardo Barreiro de Vázquez Varela s/n,
15702 Santiago de Compostela, A Coruña
anpadesar@gmail.com